


Onte 1256: «Antípodas» e a reivindicación do idioma

bretemas — 7 de Marzo de 2015 — [Deixa un comentario](#)



Cun impresionante alalá a cantora [Begoña Lorenzo](#) abriu a [presentación](#) de *Antípodas* de [Xosé Vázquez Pintor](#) que onte organizou o [Ateneo de Pontevedra](#). Un serán musical e literario fermoso e emotivo no que as persoas participantes reivindicaron o valor da memoria e da palabra de noso como fulcrais na actividade literaria. O escritor Xaime Toxo, presidente do Ateneo, situou «a trama, o argumento e o urdime de *Antípodas* entre o territorio da conciencia de existir da realidade e o da consciencia». «As preguntas que formula o protagonista sobre o que aconteceu ou sobre o que foi soñado expresan a metáfora das antípodas.» «Na novela de Pintor fanse as preguntas principais sobre a xeografía dun país que desaparece, sobre os grandes cambios que está sufrindo.» Para Toxo toda a novela ten unha textura poética e telúrica, que conduce ao lector polas derivas da derrota. «*Antípodas* está escrita cun tempo tan medido coma o que nos provoca o chimpó do arroaz, cun léxico mariñeiro impresionante que conforma unha patela de escamas prateadas.» Rematou Toxo a súa intervención subliñando que «*Antípodas* sitúa as angurias de toda unha sociedade que fala unha lingua que aínda está viva.» Na súa intervención Pintor reivindicou a

oralidade, a riqueza da lingua, coma unha herdanza de toda a comunidade galega. «O idioma de *Antípodas* non é meu, somos todos, é o de cada unha das nosas tribos.» Antes de ler varios capítulos da obra, o autor d' *Os vellos oficios* salientou a súa esperanza co futuro do idioma, convencido de que «somos xente humilde de nós, tardamos de botarnos de fóra.»

En [Autores](#), [Lingua](#), [Música](#), [Narrativa](#), [Novidades](#), [Onte](#), [Presentacións](#), [Xerais](#)
[alalá](#), [antípodas](#), [ateneo_de_pontevedra](#), [begonia_lorenzo](#), [pontevedra](#), [xaime_toxo](#), [xosé_vazquez_pintor](#)